


O pasado día 10 de agosto presentei na Feira do Libro da Coruña o meu libro *Galiza C i B: Herriak sense fronteiras* (Madrid, 2001), no que, entre outros temas, analizo a "cuestión" do independentismo no Reino de España desde a perspectiva da teoría da espiral do silencio da socióloga alemana Elisabeth Noelle-Newman. A grandes rasgos, esta teoría, demostrada empíricamente pola súa autora, consiste en que os medios de comunicación ao difundir continuamente, diariamente, unha determinada forma de interpretar a realidade ou unha noticia singular dunha forma predeterminada, conquiren que a poboación xeral acabe asumíndoa como certa, obligando aos discrepantes con dita interpretación e pre-determinación a non manifestar publicamente a súa oposición por medo ao rechazo e ao illamento social. Mais dita teoría non é totalmente orixinal de Noelle-Newman, xa que outro alemán, o ministro nazi de Propaganda, Goebbels, tiña dito —e tamén demostrado— que "unha mentira, por descomunal e descarada que sexa, se se repite continuamente, as masas acaban aceptándoa como unha grande verdade". Este procedemento xeral xera un proceso insidioso polo que, ao meu entender, os periódicos e emisoras de radio e televisión más que crear opinión [pública] crean silencio [público].

Un silencio, que sobre todo, dende Madrid é difícil de romper pero que é necesario romper, sobretodo, no conflito entre Euskal Herria e o Reino de España, ainda que iso supoña que os que se dedican a apuntar co bolígrafo, o ordenador, o dedo —presignado ou non— ou a pistola (que están en calquer parte) comecen o seu traballo: non esquezamos que é pola súa causa polo que é posibel afirmar, sen temor ao ferro, que, en realidade —como di un abogado madrileño coñecido meu—, o Reino de España más ca historia ten antecedentes penais. E que moito más inimaxinábel que un lehendakari negro é un rei de España da mesma cor.

■ DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN. Pero vou ao obxecto da reflexión que me ocupa: o dereito de autodeterminación dos pobos.

O dereito de autodeterminación dos pobos é tan intrínseco á natureza humana como o son o dereito á vida, o dereito á liberdade ou o dereito á autonomía individual. Estes son dereitos inerentes ao home polo mero feito de ser home. Son dereitos inalienábeis e imprescriptíveis que ningunha maioria —absoluta ou relativa— poda allear, en ningún ca-



Alfonso. -02

ANA PILLADO

Madrid versus Liberdade

XABIER VILA

A lei de partidos mantén unha indeterminación que posibilita unha hipotética aplicación que prohiba organizacións segundo os fins que proclame independentemente da súa actividade democrática.

so. Co dereito á autodeterminación dos pobos ocorre exactamente o mesmo.

Se existe algúns ou moitos colectivos humanos que teñen existencia obxectiva como nación —xeralmente unha lingua, unha cultura, unha historia e un espacio considerados comúns—; e/ou unha conciencia subxectiva de constituir un colectivo diferenciado que deseja ser recoñecido como tal polos demais colectivos xa recoñecidos, a mera existencia dese desexo xera automaticamente o dereito á súa autodeterminación.

Polo tanto, o problema do dereito á autodeterminación non se refire á súa existen-

cia, senón ao seu exercicio. Como dereito humano inalienábel, a súa existencia non depende do seu recoñecemento por unha maioría máis ou menos ampla, aínda que o seu exercicio si poda depender dela. É dicir, cando un pobo non pode exercer automaticamente o seu dereito inalienábel e imprescindible á autodeterminación é porque hai outro pobo organizado como Estado que mediante institucións represoras que utilizan a forza ou a ameaza da forza (normalmente o exército e a policía) llelo impide. Propoño como exemplos, de todos coñeci-

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

dos: Irlanda do Norte e o Reino Unido, o Sahara Occidental e Marrocos, Palestina e Israel ou calquera das nacións do Reino de España e o Estado español.

Por iso, nos referendums de autodeterminación non se vota si ese dereito existe ou non, o que se vota é unha petición de permiso para que ese dereito se poida exercer. O que se vota é unha petición ao pobo máis poderoso para que no caso de que o menos poderoso gañe o referendo e declare a súa independencia, non vaian a maltratalos. Compromiso que non sempre é cumplido como ocorreu non hai moito tempo en Timor Oriental.

Nos sistemas políticos democráticos, nos que as decisións relevantes se adoptan –mediante mandato representativo– por maioría dos cidadáns con dereito a voto, a forma lexitima de exercer o dereito á autodeterminación colectiva é mediante o voto favorábel desa maioría (sabido é que os países democráticos occidentais se vanaglorian de estar gobernados pola maioría con “escrupuloso” respeito ás minorías. Pero dito respeto recorda ao respeto que se ten por unha nai: respetase pero nunca se lle fai caso). Cinxíndome ao caso concreto de Euskal Herria, o goberno español vende o “perigo” de que en poucos anos esa maioría democrática poda ser acadada gracias ao lexitimo labor de *enculturación* na realidade euskalduna que os gobernos e as organizacións e colectivos vascos realizaron (e digo lexitimo labor de *enculturación* porque todos os estados e institucións o realizan sobre os seus filiados e a-filiados) nos últimos 25 anos, optou por criminalizar e demonizar a todas as organizacións e persoas que, *publicamente*, se mostran favorabeis á autodeterminación e a súa consecuencia inevitábel, a *independencia* (desgraciadamente, máis temida polos partidos nacionalistas españoles que os propios atentados indiscriminados). Non soamente a Batasuna, senón tamén ao PNV cando se manifesta abertamente a favor de dita opción.

A Lei Orgánica de Partidos Políticos, recén aprobada pola clase parlamentaria española é un elemento fundamental desta estratexia de criminalización. Porque áinda que esta lei, efectivamente –como declarou a clase política–, non prohíbe ideas (ainda

que só sexa porque as ideas non se poden prohibir), nin tampouco a súa libre expresión (xa vai sendo hora de que nas sociedades supostamente ceibes e abertas, nas que

os mass media son capitais na conformación do pensamento das persoas, o limitado dereito á liberdade de expresión sexa efectivamente complementado co *dereito de difusión* das creacións, opinións, pensamentos e ideas, mediante a posibilidade de acceso xusto dos ciudadáns a todos os medios de comunicación), si que prohíbe a súa materialización práctica cando ésta implique “subvertir a orde constitucional” - art. 9.2c LOPP- (recordemos que dita orde é extraordinariamente ampla: abarca dende a monarquía parlamentaria ata a indisolúbel unidade da nación española, pasando pola economía de mercado e pola solidariedade –exclusivamente crematística– obligatoria). “Subversión” que no presente, e probabelmente ainda máis no futuro, pode proceder da acción política tanto

dun partido independentista, como dun socialista ou comunista, ou dunha organización anarquista.

Cando se ilegalice definitivamente a Batasuna, coa organización estarase ilegalizan-

zando ás aproximadamente 200.000 persoas que habitualmente apoian o seu programa político mediante o seu sufraxio, ceibe, igual, directo e secreto. Se non fose así (secreto) a algúm super-membro da clase xudicial con delirios nobelescos se lle podería ocorrer procesar –Lei de Partidos en manas a todas elas por (por exemplo) “dar apoio político expreso o tácito ao terrorismo” (art.9.3a), ou por fomentar “unha cultura de enfrentamento e confrontación civil” (art.9.3b); expresións que a sección española de Amnistía Internacional, nos seus comentarios ao Proxecto de Lei Orgánica de Partidos Políticos, entende como preocupantes xa que basándose nelas –e noutras de similar indeterminación– “poderíanse emprender procesos de ilegalización de partidos políticos que propugnen o cambio de principios constitucionais ou leis de forma pacífica”.

O pobo vasco –todos os pobos– debe seguir loitando, continuamente, diariamente, pola súa independencia política. Con forza e convicción, pero con tolerancia e respeito pola vida, a liberdade e a autonomía individuais. En primeiro lugar porque, incluso en democracia, ás organizacións e ás persoas é moi fácil facelas desaparecer, ainda que non tanto ás ideas. E en segundo lugar, porque está no camiño que algún día lle permitirá alcanzala. ♦

XABIER VILA é licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía e especialista en Dereito Constitucional.

‘A indeterminación da lei de partidos pode servir para ilegalizar forzas democráticas, segundo Amnistía Internacional’

Lauzán

